

O Espazo Cubo presenta o terceira entrega da serie *Bigo Varcelona* so o título de *O espello non é noso?* Dedicada ao autorretrato fotográfico feminino, a mostra conta co 22 autorretratos e 22 autoras, que amosan un representativo abano das estratexias contemporáneas de achegamento ao xénero.

En xeral, a tradicional centralidade da face, ligada á autorrepresentación, dá paso a unha he-xemonía do corpo. O corporal, ligado ao xénero, ao contexto social ou a distintos estados anímicos: tristeza, medo, desequilibrio... agroma como elemento nuclear e permite percibir os diferentes achegamentos das creadoras a un tema constante na arte, practicamente desde a mesma orixe do feito artístico, que paira entre a sedución e a traxedia.


Sedución e traxedia levan consigo unha atractiva carga semántica xa que a primeiro concepto semella un dos motores de toda a actividade humana, nomeadamente a artística, en canto o segundo, o tráxico, sen dúbida, é parte indisoluble da nosa condición.

Son infundas as obras de arte que nos levan á matriz da sedución, transportándonos, iso si, en moitos casos a territorios máis amplos, limítrofes con ela, como é o da presenza da violencia na sociedade e na arte actual.

Daquela, non debe estrañar que entre os achegamentos ao eu que posibilita *O espello non é noso?*, no fondo do espellos—das imaxes— achemos reflexións sobre as fendas do sistema que mediatiza toda a nosa ancoraxe no presente. En definitiva, constatan que a violenta desorde en que estamos instalados, coas súas fracturas ideolóxicas, que é ben perceptíbel en moitos dos exemplos da arte actual, responde á necesidade de pór en evidencia as estratexias de opresión, tamén, e nomeadamente, nos corpos.

Hai artistas que optan por deixar testemuño do desequilibrio—substancial na nosa condición— captando a inseguridade, a vulnerabilidade das persoas, alleas a un ámbito referencial protector. Neste sentido non son raras as reflexións sobre a inestabilidade ou sobre a fragilidade. Outras artistas dialogan coa tradición do sublime, que procede en orixe do movemento prerromántico de finais do século XVIII, co seu interese polo estraño e deforme.

Mais o que quizais domine no noso presente—ben preceptíbel na exposición— son as estratexias que optan por evidenciar as manobras de manipulación desde a imaxe, frecuentemente analizando minuciosamente a corporeidade e retratando o eu desde o punto de vista físico, mais tamén epido de toda retórica, transformada nun campo de batalla en que se escenifican os estados anímicos e mesmo a violencia. Esa violencia ou a ameaza dela, ligada á desfiguración do noso mundo cotián, está presen-




O corpo espellado

Autorretrato feminino do noso presente

CARLOS L. BERNÁRDEZ

te en moitas autoras, como está presente en moitas creadoras e creadores actuais, para os que o dramático e o abisal sempre é un ámbito de tránsito.

Mais esta expresión da violencia é froito dunha actitude reflexiva en que o importante é patentizar a vontade de autodestrución do ser humano actual, a violencia do noso mundo, diseccionando os mecanismos de opresión do poder. Esta denuncia da violencia non é raro que




se faga introducindo nos obxectos cotiáns a sorpresa, con ironía, elemento que é tamén básico na obra das artistas que se achegan á condición feminina e á súa marxinação.

En *O espello non é noso?* en xeral dominan as obras que optan por evidenciar a vulnerabilidade substancial da condición humana. O uso da fotografía que percibimos neste conxunto de creadoras, cómpre situalo, alén de na propia evolución formal das artes desde as últimas décadas do século XX, no cadro referencial das transformacións sociopolíticas, culturais e económicas desenvolvidas durante os últimos vintecinco anos, en que asistimos a mudanzas na maneira de comunicámonos e na nosa capacidade de información e mobilidade.

Título: *O espello non é noso?*
Local: Espazo Cubo, Vigo
Até o 5 de decembro de 2019

Diferentes momentos da mostra presente nas instalacións de Espazo Cubo (Vigo). // FOTOS: ELÍ REGUEIRA



Neste sentido é relevante termos en conta aspectos de carácter xenérico en que a violencia e a súa concreción ten directa relación coa modificación de factores como os límites xeográficos, históricos, reais ou imaxinarios; as historias relacionadas con problemas de identidade, coa integración ou marxinação social e os conflitos fronteirizos, co nomadismo, co territorio individual e social. Fronteira, identidade, emigración, lingua, corpo e diferenza son algún dos eixos que articulan o discurso das/os artistas para as que a violencia e as súas consecuencias están decote presentes.

Estamos, xa que logo, perante unha realidade artística que manifesta os variados achegamentos das artistas a un tema constante na arte, practicamente desde a mesma orixe do feito artístico, porque no fondo estamos a falar de factores sociais e da súa capaci-

dade de comunicación e a súa permanencia, porque a arte ou é nun contexto e nunha dinámica social ou simplemente non é.

Toda esta percepción artística conforma unha paisaxe desacougante, mais ao tempo enormemente viva e creativa. Esta sensación de ameaza—que é reflexo do mundo en que moramos—está tamén presente en diferentes artistas en que o dra-

Contexto e dinámica social

matismo e o abisal sempre transitan. Non é pois estraño que a denuncia social sexa fundamental en moitos proxectos expositivos en que o importante é patentizar a vontade de superación, a pesar da violencia do noso mundo, deixando ver os ichós e os engados que nos deita o poder, un xeito de comprender o noso presente que nos fornece unha bagaxe para enfrontámonos á realidade que nos toca vivir.